

COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ECONOMÍA

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ó día **19 de setembro de 2018**

ASISTENTES:

PRESIDENTE: D. Francisco José Fraga Civeira	No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o 19 de setembro de 2018 , ás 17.30 horas, baixo a presidencia de don Francisco José Fraga Civeira, e con asistencia dos señores/as á marxe relacionados, reúnese a expresada comisión informativa, co fin de proceder á preparación e estudo dos asuntos que se indican, adoptándose os seguintes acordos:
DEPUTADOS/AS:	
D. Rosendo Luís Fernández Fernández	
D. Jorge Pumar Tesouro	
D. Plácido Álvarez Dobaño	
D. Pablo Pérez Pérez	
D. ^a Consuelo Vispo Seara	
D. José Antonio Feijóo Alonso	
D. ^a Isabel Gil Álvarez	
D. Vicente Gómez García	
D. Armando Ojea Bouzo	
D. Ramiro Rodríguez Suárez	
SECRETARIO:	
D. Francisco Cacharro Gosende	
INTERVENTOR ACCTAL:	
D. José Mosquera Casero	

1º.- ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 18 DE XULLO DE 2018

En relación coa acta da reunión anterior, correspondente á ordinaria do día 18 de xullo de 2018, non se formulan observacións, quedando aprobada por unanimidade.

2º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA POR CRÉDITO EXTRAORDINARIO E DAS BASES DE EXECUCIÓN N.º 4/2018.-

O Sr. **interventor accidental** expón brevemente o contido da proposta.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (6) e a abstención do Grupo Socialista (3), de Democracia Ourensana (1) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación de créditos do expediente, co seguinte detalle,

CREDITO EXTRAORDINARIO

Aplicación orzamentaria	Expresión	IMPORTE €
912.11/479.05	Outras subvencións para “La Región”. Corporación provincial	105.000,00 €

RECURSO UTILIZADO

BAIXA da aplicación orzamentaria	Expresión	IMPORTE
912.11/226.02	Información e publicidade. Corporación provincial	105.000,00 €

2º.- Aprobar inicialmente as **modificacións** cualitativas de **subvencións xa aprobadas**, no que se refire á especificación do capítulo IV e VII de gastos, experimentando as seguintes variacións ,

- Con cargo á aplicación orzamentaria 341.11/482.01 “Subvencións deportivas. Fomento do deporte”, prevíase unha subvención ao Pavillón C.F. para “*Equipación Sponsor – Fútbol base*” por importe de 8.000,00 euros. En base á solicitude verbal do Presidente do Pavillón C.F. propónse o **cambio de finalidade** de dita subvención para a “ **Adquisición de material deportivo**” debido á existencia dun erro na modificación 1/2018 do orzamento, quedando da seguinte maneira.

- 341.11/482.01 “Subvencións deportivas. Fomento do deporte” :

Beneficiario	Finalidade	Importe
Pavillón C.F.	Adquisición de material deportivo	8.000,00 €

- Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “A Concellos subvencións. Cooperación provincial”, prevíase unha subvención nominativa a favor do Concello de Trasmiras por importe de 43.152,23 euros para “drenado no Polígono 507, parcela 327”. En base á solicitude do Concello de Trasmiras de data 05 de setembro do 2018 propónse o **cambio de finalidade** de dita subvención para a obra “ **Bacheado e mellora da capa de rodadura da pista que discorre desde a C.N. 525 a Vilaseca** ” por considerar que é unha obra prioritaria e de urxente realización para o tránsito de vehículos agrícolas e particulares que redundaría en beneficio dos veciños do concello de Trasmiras.

450.12/762.01 “A Concellos subvencións. Cooperación provincial”.

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello de Trasmiras	Bacheado e mellora da capa de rodadura da pista que discorre desde e C.N. 525 a Vilaseca	43.152,23 €

- Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.02 “A Concellos subvencións en especie. Cooperación provincial”, prevíase unhas subvencións nominativas a favor do Concello de A Bola por importe de 38.000,00 euros para “Acondicionamento e reparación Rubiás” e 23.000,00 € para “Reparación do firme en Casal de Feás” En base á solicitude do Concello de A Bola de data 05 de setembro do 2018 propónse o **cambio dos importes** de ditas subvencións debido a un erro na modificación 1/2018 do orzamento xa que cambiáronse as

cantidades dunha das subvencións para a outra, quedando corrixido do seguinte xeito .

450.12/762.02 “A Concellos subvencións en especie. Cooperación provincial”.

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello de A Bola	“Acondicionamento e reparación en Rubías”	23.000,00 €
Concello de A Bola	“Reparación do firme en Casal de Feas”	38.000,00 €

- Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.02 “A Concellos subvencións en especie. Cooperación provincial”, prevíase unha subvención nominativa a favor do Concello de A Peroxa por importe de 48.000,00 euros para “Rexeneración de firmes nos accesos a Turzavella, Casarizas, Vales, S.. Cibrao e Outros” En base á solicitude do Concello de A Peroxa de data 13 de setembro do 2018 propónse o **cambio da finalidade** de dita subvención .

450.12/762.02 “A Concellos subvencións en especie. Cooperación provincial”.

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello de A Peroxa	Mellora da praza do concello e do Recinto Feiral da Peroxa	48.000,00 €

- Con cargo á aplicación orzamentaria 334.20/789.03 “Outras transferencias asociacións. Actividades culturais e recreativas”, prevíase unha subvención nominativa a favor da Asociación de veciños San Paio dos Pitos por importe de 12.000,00 euros para “ Mellora do acondicionamento do local social da Asociación de veciños San Paio dos Pitos” En base á solicitude verbal do Alcalde do concello de Ramirás de data 13 de setembro do 2018 propónse o

cambio de beneficiario e da finalidade de dita subvención .

334.20/789.03 “Outras transferencias asociacións. Actividades culturais e recreativas”.

Beneficiario	Finalidade	Importe
Comunidade de montes San Paio dos Pitos	Mellora e acondicionamento do local	12.000,00 €

- Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.02 “A Concellos subvencións en especie. Cooperación provincial”, prevíase unha subvención nominativa a favor do Concello de Vereá por importe de 47.000,00 euros para “ Construción e adecuación nave para maquinaria e almacén municipal en Vereá” En base á solicitude do Concello de Vereá de data 13 de setembro do 2018 propónse o **cambio da finalidade** de dita subvención .

450.12/762.02 “A Concellos subvencións en especie. Cooperación provincial”.

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello de Vereá	Accesos a Vilar e camiño Xeixido	47.000,00 €

- Con cargo á aplicación orzamentaria 924.12/789.03 “ Outras transferencias asociacións. Participación veciñal”, prevíase unha subvención nominativa a favor da Asociación de veciños de Ábedes por importe de 60.000,00 euros para “ Local social” En base á solicitude do Presidente da comunidade de montes propónse o **cambio de beneficiario** de dita subvención .

924.12/789.03 “ Outras transferencias asociacións. Participación veciñal”,

Beneficiario	Finalidade	Importe
Comunidade de Montes M.C. Ábedes	Local social	60.000,00 €

3ª.- Aprobar a modificación das Bases de execución do orzamento, que afectan a Base 87ª, no que se refire ás subvencións que teñen carácter nominativo, engadindo as seguintes ás que figuraban inicialmente:

Beneficiario	Aplicación Orzamentaria	Finalidade	Importe
Concello de Oímbra	450.12/762.01	Mellora da praza da Fonte e rúa do Campo (II fase)	48.000,00 €
La Región, S.A.	91211/47905 “ Outras subvencións “La Región” Corporación provincial”	Promoción cultural e desenvolvemento do coñecemento provincial nos Foros “La Región”	105.000,00 €

Os recursos financeiros utilizados para esta modificación serán baixas doutras aplicacións orzamentarias e non afectan cuantitativamente ao Orzamento Xeral da Deputación. .

4º.- De acordo co artigo 169 da Lei Reguladora das Facendas Locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no boletín oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

3º.- APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA O EXERCICIO 2019.-

O Sr. **interventor accidental** explica que, seguindo instrucións da Presidencia, procedeuse a elaborar o proxecto de orzamento no mes de setembro, ascendendo o orzamento da Deputación Provincial a 82.700.000 € e o do INORDE a 2.048.000 €.

D. Vicente Gómez García, deputado do Grupo Socialista, pregunta sobre a previsión de seis axentes de emprego e desenvolvemento local e onde prestarán servizos.

O **Sr. interventor accidental**, di que actualmente hai cinco e que hai previsión de que se poida contratar un sexto axente de desenvolvemento local se se concede unha subvención á Deputación Provincial para ese fin.

D. Vicente Gómez García, deputado do Grupo Socialista, pregunta por unha serie de partidas para actividades culturais. En primeiro lugar, con respecto á partida que se prevé para o Museo Bolecha, pregunta se o inmovible onde se situará está xa a disposición da Deputación Provincial; pregunta tamén, en relación cunha exposición dedicada a José Ángel Valente, se é que a previsión deste tipo de exposicións faise para suplir as accións culturais do Concello de Ourense. Pregunta tamén, en relación cos grupos de emerxencia, os GES, se a previsión é que a Deputación Provincial pague a parte non subvencionada pola Xunta de Galicia e os concellos non teñan que achegar diñeiro.

D. Pablo Pérez Pérez, deputado delegado de Cooperación e Seguimento do Plan do Mandato 2015-2019, sinala que xa no vixente orzamento a Deputación Provincial financia a achega dos concellos.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, indica que na FEGAMP actualmente se está discutindo que para o exercicio 2019 o reparto do financiamento dos GES sexa do 60% (Xunta de Galicia), 35% (Deputación) e 5% (concellos), aínda que de momento é algo que se está negociando.

D. Vicente Gómez García, deputado do Grupo Socialista, en relación con esta cuestión, pregunta, en primeiro lugar, se hai algún mapa de emerxencias provincial (asunto do que se ven falando dende fai un ano aproximadamente) e se hai algunha previsión de que os GES poidan actuar en todo o seu ámbito e non só nos concellos onde teñen a sede, tendo en conta que, conforme se acaba de explicar, non están pagando o custo dos ditos grupos.

D. Pablo Pérez Pérez, deputado delegado de Cooperación e Seguimento do Plan do Mandato 2015-2019, responde que o mapa de emerxencias estase a realizar aínda que non ten nada que ver co tema dos GES e engade que está case rematado e que na súa confección se tivo en conta a actual localización dos GES, quedando por pechar, unicamente, a comarcalización dos bombeiros de Ourense. En canto ao ámbito de actuación dos GES di que estes atenden as emerxencias en todos os municipios do seu ámbito e non só naquel onde teñen a sede.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que unha cousa é o mapa de emerxencias que se está negociando na FEGAMP, e que na dotación de emerxencias hai que ter en conta os medios dos Consorcios Provinciais de Incendios e a maiores os 25 GES que existen en Galicia, respecto aos cales é posible que se produza algunha ampliación nalgún caso moi concreto, así como que se intente a súa homoxeneización en canto ao seu número, xa que hoxe en día hai GES de 12 membros e 6 membros.

D. Vicente Gómez García, deputado do Grupo Socialista, di que os GES están actuando en emerxencias no seu ámbito pero que ademais realizan unha serie de traballos nos municipios nos que son sede, principalmente traballos de roza, e se os financian a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial entende que estes traballos deberíanse facer en todo o seu ámbito.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que os GES actúan nas emerxencias en todo o seu ámbito e que o tema dos traballos de roza estase debatendo na FEGAMP, que é o foro axeitado para ese debate.

D. Vicente Gómez García, deputado do Grupo Socialista, pregunta pola finalidade dunha partida destinada a apoio empresarial ou desenvolvemento empresarial.

O Sr. interventor accidental di que se prevé unha axuda a unha empresa para desenvolvemento empresarial.

D. Vicente Gómez García, deputado do Grupo Socialista, pregunta polas axudas que se prevén para a Diocese de Ourense, xa que non figuran desglosadas as actuacións.

Tras consultar a documentación o **Sr. interventor accidental** sinala que si estaban previstas, relacionando as ditas actuacións, aínda que por erro non se recolleron na documentación entregada, deficiencia que se corraxirá antes da convocatoria do Pleno.

D. Vicente Gómez García, deputado do Grupo Socialista, di que se prevé un investimento de 372.000 € para a estrada OU-1006 de Vilardevós a Vilarello da Cota, obra para a que xa no orzamento vixente consta unha dotación orzamentaria, e pregunta se con isto se completa esta estrada.

D. Pablo Pérez Pérez, deputado delegado de Cooperación e Seguimento do Plan do Mandato 2015-2019, di que si, e que o feito de que se reflecta esta dotación nunha partida singular é o reflexo do compromiso da Deputación Provincial cos veciños de Vilardevós para rematar a dita obra.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (6) e a abstención do Grupo Socialista (3), de Democracia Ourensana (1) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Aproba-lo orzamento xeral da Deputación provincial de Ourense para o ano 2019, co detalle que figura nos resumos seguintes:

A) ENTIDADE LOCAL.-

Estado de gastos

Capítulo 1.- Gastos de persoal	32.158.320,74€
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos	19.696.923,99 €
Capítulo 3.- Gastos financeiros	13.961,14 €

Capítulo 4.- Transferencias correntes	13.065.470,23 €
Capítulo 5.- Fondo de continxencia	10.000,00 €
Capítulo 6.- Investimentos reais	12.233.545,55 €
Capítulo 7.- Transferencias de capital	4.052.911,29 €
Capítulo 8.- Activos financeiros	300.000,00 €
Capítulo 9.- Pasivos financeiros	1.168.867,06 €
TOTAL GASTOS.....	82.700.000,00 €

Estado de ingresos

Capítulo 1.- Impostos directos	5.000.000,00 €
Capítulo 2.- Impostos indirectos	4.237.000,00 €
Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	4.971.703,97€
Capítulo 4.- Transferencias correntes	67.914.123,90 €
Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais	154.519,13€
Capítulo 6.- Alleamento de investimentos reais	21.000,00 €
Capítulo 7.- Transferencias de capital	101.653,00 €
Capítulo 8.- Activos financeiros	300.000,00 €
TOTAL INGRESOS...	82.700.000,00 €

B) INORDE.

Estado de gastos

Capítulo 1.- Gastos de persoal	961.784,30 €
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos	623.340,90 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	334.180,00 €
Capítulo 6.- Investimentos reais	128.694,80 €
TOTAL GASTOS.....	2.048.000,00 €

Estado de ingresos

Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	12.020,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	1.861.404,56 €
Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais	11.260,44 €
Capítulo 7.- Transferencias de capital	163.315,00€
TOTAL INGRESOS.....	2.048.000,00 €

2º.- Aprobar as Bases de Execución do Orzamento Xeral, segundo figuran no expediente.

3º.- Aprobar os cadros de persoal, que se dividen en persoal funcionario, laboral e eventual, de acordo co art.126 do Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto legislativo 781/1986.

4º.- De acordo co art. 169 da LRFL, o orzamento xeral será exposto ó público, previo anuncio no boletín oficial da provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno. O orzamento considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

4º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentaron.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.

E, ás 18.00 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta, que asinan o presidente e o secretario. Certifico.